

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN Nº 3. APERTURA SOBRE “A”.**

Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 09/11/2015 ás 10,30 h. horas, os membros da mesa de contratación para a adxudicación do contrato de servizos do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA, segundo o expediente aprobado no Pleno Municipal do 24/09/2015, formada por D. Manuel Cuiña Fernández, que actuará como presidente; D. Manuel Quintáns Queiruga (secretario da corporación); D<sup>a</sup>. Celia González Peteiro e Dna. Pilar Peón Iglesias, que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.

Asisten tamén Dna. Lorena Delgado Caeiro e D. Félix Camiña Blanco, representando á empresa SERVICIOS SOCIALES ULLA-SAR, S. L. e D. Esteban Feteira Carabelos, representando á empresa IDADES, S. L.

Interveñen D. Esteban Feteira Carabelos e D. Félix Camiña Blanco, quenes solicitan o detalle do informe emitido pola Técnica que valorou cada un dos proxectos presentados, donde se desglosen por apartados as puntuacións de cada un deles.

O presidente da mesa accede a esta solicitude e indica que a Técnica facilitará este informe coas puntuacións desglosadas por apartados, que constará na resolución definitiva.

Unha vez aclarado este punto, procédese á apertura do sobre “A” de cada unha das empresas licitadoras, donde se inclue a oferta económica.


A efectos de valoración, terase en conta o prezo/hora do día laborable

exclusivamente – prezo ordinario- evaluándose do modo seguinte:

A proposición que oferte o prezo/hora mais baixo obterá a máxima puntuación (70 puntos). Por cada fracción centesimal, tomando como referencia a mellor oferta económica, restarase da puntuación máxima 0,50 puntos.

A apertura do sobre “A” dou como resultado as seguintes ofertas ás que se lle outorgan as puntuacións que se indican:

| EMPRESA                             | EUR/HORA | PUNTUACIÓN |
|-------------------------------------|----------|------------|
| SERINTER                            | 10,96    | 70         |
| FORSERGE, S. L.                     | 11,20    | 58         |
| IDADES, S. L.                       | 11,40    | 48         |
| PEDROSO Y ROJAS, S. L.              | 11,45    | 45,5       |
| ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L. | 11,50    | 43         |
| ULLA SAR, S. L.                     | 11,58    | 39         |
| CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.     | 11,65    | 35,5       |




Despois da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre «B») e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobre «A»), obtivéronse os seguintes resultados globais, ordeados de maior a menor puntuación:

| EMPRESA                             | PUNTUACIÓNS |         |             |
|-------------------------------------|-------------|---------|-------------|
|                                     | SOBRE B     | SOBRE A | TOTAL       |
| SERINTER                            | 24          | 70      | <b>94</b>   |
| FORSERGE, S. L.                     | 20          | 58      | <b>78</b>   |
| PEDROSO Y ROJAS, S. L.              | 30          | 45,5    | <b>75,5</b> |
| IDADES, S. L.                       | 25          | 48      | <b>73</b>   |
| ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L. | 28          | 43      | <b>71</b>   |
| ULLA SAR, S. L.                     | 27          | 39      | <b>66</b>   |
| CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.     | 28          | 35,5    | <b>63,5</b> |

Polo tanto, a mesa proponlle ao órgano de contratación a clasificación das ofertas na orde que se sinala:

|   | EMPRESA                             | TOTAL |
|---|-------------------------------------|-------|
| 1 | SERINTER                            | 94    |
| 2 | FORSERGE, S. L.                     | 78    |
| 3 | PEDROSO Y ROJAS, S. L.              | 75,5  |
| 4 | IDADES, S. L.                       | 73    |
| 5 | ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L. | 71    |
| 6 | ULLA SAR, S. L.                     | 66    |
| 7 | CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.     | 63,5  |




O presidente da por rematada a reunión ás 11,20 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Silleda, 9 de novembro de 2015

A mesa de contratación,


O Presidente

Manuel Cuiña Fernández




O Secretario

Julio Méndez Castro




Vogais:

Manuel Quintáns Queiruga



Celia González Peteiro



Pilar Peón Iglesias.

